

“Había que escoller e estábamos en guerra. Europa enteira estaba en guerra. Ou eras cabalo ou eras lobo. Na guerra ou na vida, tanto ten”.

Velaí o sentido que encerra o título da novela de Fran P. Lorenzo distinguida na pasada convocatoria do Premio Blanco Amor, *Cabalos e lobos*, narración coa que o xornalista vigués se estrea nos eidos da escrita de ficción.

Sorprende, para ben, a habilidade hibridadora que estas páxinas revelan. Fusión no xenérico (entre o psicodrama e o thriller histórico, abalando dende a escrita de Eros ao documento social), no estrutural (coas incorporacións do relato epistolar e o parateatral, tamén as insercións poéticas) e no conceptual (problematicidade da non aceptación ou desamparo sexual; revisión de lacerantes divisións entre clases sociais; mesmo contrapuntos xeracionais), pero, sobre todo, un dicir palpitante da loita da vida por superar tanta morte, tanta devastación, tan grande orfandade como ensombrece os individuos que cruzan estas planas.

Segredos. Segredos inconfesables, cobizas e paixóns fóra de control poñen en marcha unha engrenaxe de mentiras e encubrimentos, de medias verdades e silencios que abafa os protagonistas desta sorte de concentrada saga familiar, am-

Foron moitos os que, dun xeito ou doutro, vindicamos a memoria de Filgueira Valverde desde posicións ideolóxicas e mesmo estéticas distintas. Pero se alguén ten autoridade institucional e moral dabondo para poñer as cousas no seu sitio é o profesor Xesús Alonso Montero. Autoridade institucional indiscutible en tanto que presidente da RAG, se ben alguén podería poñela en cuestión por ese acordo da institución que preside.

Pero non. A autoridade moral de Alonso Montero radica —e máis en relación ao tema que nos ocupa— na súa condición de antípoda ideolóxico (nunca agochou a súa condición de membro do PCG). Desde o seu compromiso, desde sempre, con Galiza, coa súa xente, coas súas letras e coa súa lingua, Alonso Montero ven de presentar unha defensa contundente e, como é habitual nel, incontestablemente documentada.

Unha defensa que comeza coa traxectoria vital de Filgueira Valverde, con especial mención dos días aciagos que viviu no verán de 1936 —coa ameaza de ser “paseado” malia os seus catolicismo e conservadorismo confesos— e anos despois da súa condición de alcalde en tempos de Franco, cousa ben distinta á de alcalde franquista (e nese senso, Alonso Montero salienta que Filgueira Valverde aceptou o cargo coa condición de afastar de tal tarefa o papel de xefe local do Mo-

Sombras resinosas

Un ben lucido arrinque

ARMANDO REQUEIXO

bientada en diferentes tempos (os anos 30, 60 e 70 do século pasado e o 2007 dende o que se nos conta memoristicamente) e espazos (a Alemaña alleada coa vesania do III Reich e o Vigo da Posguerra, principalmente).

Agradécese nesta obra o esforzo por anoar con firmes tanzas os escenarios múltiples e as épocas alternantes, a capacidade para xunquir voces narrativas e puntos de vista, a segura direccionalidade que conduce todo o relato cara a unha fin certa. Por tanto, as ocasionais reiteracións léxicas, a grandilocuencia expresiva dalgúns pasaxes, mesmo os contados saltos de récord detectables son veniais nun conxunto que agrada pola súa destreza en facer de Vigo un personaxe máis —e non o menos importante— da propia trama.


En efecto, a cidade e o seu tempo funcionan como un cronotopo no que os personaxes

desenvolven a súa personalidade actancial. Tanto é así que a editorial, Xerais, dispuxo que as lapelas e cubertas interiores do volume figuren forradas cun mapa urbano no que se salientaron algúns dos espazos e construcións determinantes na historia: Gran Vía, A Privada Moderna, Edificio Albo, etc.

Volvendo a Filgueira

Unha análise contundente

JOAQUIM VENTURA



vimientto).

Non entraremos agora a ollar polo miúdo o perfil intelectual do pontevedrés que Alonso Montero recolle exhaustivamente (como é habitual nel), practicamente sen deixar ocos a novos achados se os houber. O tratamento de tal faceta resulta, sinxelamente, modélica e digna de envexa por parte dos que, mellor ou peor, exercemos a crítica e a pescuda literarias. Apenas un apunte: o co-

ñecemento que tiveron aqueles que poetizaron en clave neotrobadorista (Bouza Brey polo menos), non foi por contacto directo cos cancioneiros senón pola divulgación que da lírica medieval galega fixo un Filgueira Valverde mozo na prensa galega e na conferencia sobre “A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana” dada no SEG no outono de 1925.

Alonso Montero reconece e salienta a valentía daqueles poucos galeguistas católicos —Filgueira entre eles— que cando o Partido Galeguista participou na Fronte Popular en febreiro de 1936, publicaron dous manifestos a contracorrente en defensa dos valores cristiáns. Postos na tesitura maniquea do verán de 1936, o primeiro era salvar a pel se era posible. E é na revisión daquel tempo cando Alonso Montero responde a aqueles que criticaron a decisión da RAG. Unha entidade plural e comprometida coa democracia desde a restauración desta e, naturalmente, in-

Moita —e boa— literatura alimenta este *Cabalos e lobos*: nos paratextos (velaí as citas iniciais de Ramiro Fonte, Helena de Carlos e Jaime Gil de Biedma), mais tamén nas visións dos personaxes, nas súas lecturas, nas súas citas e alusións,

que debrocan polos parágrafos o “poeta galego de vangarda, a bordo dun paquebote”; “a roca de Margarida a fiar a súa mágoa e a súa paixón por Fausto”; “o señor Cunqueiro” na súa casa do FARO DE VIGO; a Delphine de Madame de Staël e as *Espèces d'espaces* de George Perec; as “belidas” dos nosos trobeiros medievais; o *For Whom the Bell Tolls* de E. Hemingway; “la mer, la mer, toujours recommencé” de P. Valéry; a narrativa amorosa de Tolstoi; *Os mandaríns* de Simone de Beauvoir e *Os amantes sem dinheiro* de Eugénio de Andrade; a *Alba de Gloria* de Castelao e, sobre todo, a *Sombra do aire na herba* de Luis Pimentel, artífice de versos inesquecibles que sustentan e aínda nutren as ardencias e complicitades coas que Cupido enlea os afectos homoeróticos dalgúns dos protagonistas.

LORENZO, Fran P. *Cabalos e lobos*, Ed. Xerais, Vigo, 2015, PVP 16,65 €

dependente das institucións políticas.

Admonición á que segue unha detallada análise doutros homenaxeados que, dun xeito ou doutro, nun momento ou noutro, tiveron ou padeceron eivas que impedirían un expediente immaculado. Persoeiros que pasaron adversidades e a algúns dos cales —evidentemente, a ningún— non temos dereito de esixirles vocación de mártires. Alonso Montero rompe unha lanza en favor daqueles que, como Filgueira Valverde, non tiveron máis remedio que aceptar a oferta que os sublevados, con certo sentido de responsabilidade, fixeron ao pensar en quen podería asegurar certa normalidade.

E seguindo a responder aos que cuestionaban a elección de Filgueira Valverde pola súa condición de alcalde en tempos de Franco e de membro da comisión depuradora provincial de Pontevedra, Xesús Alonso Montero opón, como se tratase dunha descarga de laxas de granito, a fidelidade do pontevedrés a Galiza e ao Museo de Pontevedra e a súa man esquerda á hora de evitar ou minorar as sancións contra os docentes sancionados despois da guerra civil. Alguén que, incluso desde o seu escano de procurador en Cortes, propagou as letras galegas.

ALONSO MONTERO, Xesús. *Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual*, Ed. Xerais, Vigo, 2015. PVP 18 €

Con ritmo demorado

Cicatrices, emigración, mulleres

ESTRO MONTAÑA

Galaxia vén de inaugurar a colección “Libro Cinema” con *A cicatriz branca*, un volume no que se inclúe un DVD coa película e varios textos: a ficha técnico-artística, as impresións de Eva Veiga —protagonista principal do filme—, e doutras actrices como Margarita Fernández, Mónica Camaño, Renata Otero e Xoana Pintos. Ademais aporta un escrito de Margarita Ledo sobre o seu concepto do cinema e as opinións do músico da película Abe Rábade, do crítico José Manuel Sande, da historiadora Pilar Cagiao sobre as mulleres na emigración e Ramiro Ledo sobre as circunstancias da montaxe.

A película aborda un dos sinais de identidade de Galicia: a emigración, pero neste caso a historia céntrase no mundo feminino, tan esquecido ou “invisibilizado” por unha tradición cultural pouco xenerosa coas mulleres. Trátase dun relato que se centra na década dos anos 50 do século pasado, pero que se abre a outras épocas, e que consegue transmitírnos unha sensación de angustia ao ver a vida que levaban aquelas compatriotas que chegaban a Bos Aires para traballaren de criadas, ou en pésimos postos de operarias.

A película foi filmada en escenarios reais das provincias de Lugo, A Coruña e da capital argentina; é unha ficción que reconstrúe un período difícil da nosa historia e que nos conta, ás veces cun ritmo demorado, intencionalmente incómodo, a atmosfera abafante, o fráxil universo daquelas mozas que foron utilizadas como “mucamas”, e mesmo para iniciar sexualmente os varóns da burguesía bonaerense, aquelas mulleres que con un pouco de fortuna atopaban a solidariedade, o premio dunha man amiga e os rudimentarios libros que l axudaban a enfrontarse con dignidade a un mundo hostil no que cada noite se afianzaba a nostalgia.

Filme de emocións, de recuperación da autoestima, de imaxes dunha memoria dolorosa, de silencios e de esperanzas nun tempo no que unha parte do noso entorno ignoraba os que partían humillados, que desprezaba aquelas mulleres mal vestidas, que cruzaban como sombras solitarias o océano. Filme que fala dun inverno da nosa historia que semella repetirse na actualidade con outros actores e outras circunstancias.

Interpretado por un elenco no que a parte das actrices citadas figuran a propia directora, Tamar Novas, Xavier Deive ou Lino Braxe, o filme responde á necesidade de Margarita Ledo de dar forma artística a un mundo que se lle revelou con toda crueza cando fixo *Apuntamentos* para un filme, momento no que tivo que entrevistar a numerosas mulleres da emigración. Parte, xa que logo, a autora de elementos da realidade, pero non fai unha crónica nin un documental, senón que emprega, como diría Rulfo, unha mentira que parte da realidade para crear un produto artístico.

Dadas as dificultades para ver a película nos cines comerciais, o formato de libro-DVD semella do máis oportuno para todos os amantes do cinema galego.
LEDO ANDIÓN, M., *A cicatriz branca*, Ed. Galaxia, Vigo, 2015, PVP 20 €

